



BERGANTIÑAN DO ANO 2015 **XUNTAS LOCAIS DA COMARCA DE BERGANTIÑOS DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO**



Bergantiños é terra de ben, e de xentes traballadoras, colaboradoras e cunha gran conciencia social. E froito dese espírito solidario, existen seis Xuntas Locais da Asociación Española Contra o Cancro repartidas polo territorio da nosa Comarca, que funcionan de xeito coordinado e colaborativo.

Así, está a Xunta Local de Cabana de Bergantiños, que preside D^a Julia Blanco; a Xunta Local de Carballo, que preside D^a Ana Casais; a Xunta Local de Coristanco, que preside D^a Delmira Cameán; a Xunta Local de A Laracha, presidida por D^a Maica Pose; A Xunta Local de Laxe, presidida por D^a María Vázquez; e a Xunta Local de Malpica de Bergantiños, presidida por D^a Carmen Teresa Blanco. Como se ve, son todas mulleres as que están á fronte destes colectivos.

Ao igual que tódalas Xuntas Locais da Asociación Española Contra o Cancro, tamén as de Bergantiños son organizacións sen ánimo de lucro, cuxa misión é a loita contra o cancro, liderando o esforzo para diminuír o impacto causado por esta enfermidade e mellorar a vida das persoas. Veñen desenvolvendo dende hai anos unha gran labor social de concienciación, axuda e recadación de fondos para a investigación e tratamento das enfermidades de cancro. Nunca se cansarán as Xuntas Locais que existen na nosa Comarca de incidir nas súas campañas e actos que realizan ao longo de todo o ano, en que a detección precoz é clave.

Entre os principais obxectivos que persegue a Asociación Española Contra o Cancro pódense destacar:



- Informar e concienciar á poboación sobre os factores que facilitan a prevención e detección precoz do cancro, coa finalidade de diminuír a taxa de incidencia e mortalidade polo cancro.
- Mellorar a calidade de vida das persoas afectadas de cancro e os seus familiares, paliando os problemas derivados da enfermidade.
- Potenciar a investigación, factor fundamental para ir avanzando día a día na loita contra o cancro.
- Movilizar e influír. Resulta básico para a Asociación facer partícipe á sociedade da transcendencia da enfermidade e a necesidade de actuar fronte a ela. E parte desta labor consiste en presionar aos distintos estamentos públicos e privados para que se involucren activamente na loita contra o cancro, poñendo medios e solucións. Sen a concienciación colectiva e o compromiso firme das institucións os avances non van á velocidade necesaria e desexada.

As Xuntas Locais da Asociación Española Contra o Cancro integran no seu seo a doentes, familiares, persoas voluntarias, e tamén a profesionais da medicina. O fundamental é que traballan unidos para previr, sensibilizar, acompañar ás persoas, e financiar proxectos de investigación oncolóxica que permitirán un mellor diagnóstico e tratamento do cancro. Ademais, traballan intensamente en concienciar e involucrar á sociedade para que participe en mellorar o control do cancro.

Deste xeito, encárganse de divulgar as actividades da Asociación Española Contra o Cancro a través das diferentes campañas que se desenvolven ao longo do ano. Son as interlocutoras e canais de comunicación entre as institucións do municipio onde están implantadas e a Xunta Provincial. Tamén recollen as demandas das persoas do concello para poder trasladalas posteriormente á Xunta Provincial. Procuran a obtención de recursos para poder continuar cos Programas, xa que tódolos servizos que prestan son gratuítos. Neste senso, todos nos abraiamos coas cifras de asistentes ás diversas ceas anuais que organizan por toda a Comarca para recadar fondos. Milleiros de persoas de Bergantiños –o que dá tamén unha mostra do sentir solidario dos habitantes da Comarca- participan e



colaboran neses eventos, que ademais da finalidade económica ten tamén a de divulgación e concienciación.

Hai que resaltar que os programas de apoio e acompañamento son algúns dos piares máis significativos das Xuntas Locais. Constitúen un importante compoñente dos coidados que ofrecen aos doentes e aos seus familiares, coa finalidade de afrontar as consecuencias emocionais, socioeconómicas ou laborais derivadas da enfermidade e os seus tratamentos. Prestan así servizos de asesoramento e apoio psicolóxico, axudas económicas, xestión de residencias, atención domiciliaria, dotación de recursos mecánicos, etc. E todo co obxectivo de mellorar a calidade de vida dos enfermos e familiares.

Como promotoras e defensoras dos altos valores humanos, solidarios e sociais, recollendo o sentir popular desta comunidade, vimos en proclamarlas BERGANTIÑÁN DO ANO 2.015.